



## **Cólico, de Guadi Galego (GZ) e Quase Dança, de Cláudia Pascoal (PT), escollidas en votación polo público como mellores cancións de 2020 da Galiza e de Portugal**

**En outono celebrarase a Gala organizada pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela**

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021.- Os máis de cinco mil votos do público emitidos no certame [aRi\[t\]mar galiza e portugal](#) promovido pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela determinaron que as gañadoras polo mellor tema musical publicado na Galiza e en Portugal en 2020 son, respectivamente, Guadi Galego, con Cólico e Cláudia Pascoal, con Quase Dança. Estes premios, xunto cos de poesía, e o do embaixada da amizade, entregaranse a artistas e poetas gañadores na Gala aRi[t]mar 2021 en outono.

Os seguintes temas máis votados, nos segundos postos, foron os de Xoana (GZ) por [Anceios](#) e [Outras Línguas](#), de Bárbara Tinoco; e os terceiros Os D'Abaixo (GZ) por [Pasei pola túa porta](#) e Miguel Araújo (PT) con [A Incrível História de Gabriela de Jesus](#).

Segundo explicou o director da Escola Oficial de Idiomas, Gonzalo Constenla, o certame voltou xerar moi boas expectativas, mantivo unha igualada disputa polos primeiros postos quer nas músicas gañadoras quer nas segundas e nas terceiras máis votadas até o último minuto e contou coa participación popular máis alta de todas as edicións do certame.

Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participaron tamén as da Facultade de Filoloxía da USC, Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga), Conservatorio Profesional de Música de Santiago, Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, Centro Cultural Portugués de Vigo-Instituto Camões, os centros do Ensino Portugués pelo Camões na Galiza e os Centros de Estudos Galegos de máis de 35 universidades do exterior, ben como centros de ensino secundario de fóra de Galiza en que se imparte galego.

A seguinte fase do certame consiste na escolla de poesías gañadoras, que se poderán votar desde mediados de abril até mediados de maio.

Ademais, o día 24 de abril, véspera da celebración da Revolución dos Caraveis portuguesa, darase a coñecer o premio especial do xurado á Embaixada da amizade galego-lusófona, creado para galardoar aquelas persoas, iniciativas ou institucións que se teñan destacado por tender pontes de amizade entre Galiza e a Lusofonía.

aRi[t]mar galiza e portugal é un proxecto didáctico-cultural, desenvolvido inicialmente pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, que ten por obxectivo divulgar a música e a poesía galego-portuguesas actuais, e achegar a cultura e a lingua dos dous países, no marco do desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa Lusofonía.

Esta iniciativa fai parte da [Rede da GaliLusofonia](#), “com os objetivos de juntar esforços, coordenar-se e cooperar na difusión de iniciativas encaminhadas a fomentar a nosa língua e cultura comuns no seu espaço natural, a Lusofonia, com grande potencial noutros campos como o económico e o institucional”.

aRi[t]mar galiza e portugal conta co patrocinio do Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade edas secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística da Xunta de Galicia, así como do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e do Instituto Camões-Centro cultural Portugués de Vigo.

Saúdos cordiais.

Teléfono de contacto: 606383584.

GUADI GALEGO (Cedeira, GZ, 1974)



Guadi Galego é unha das artistas máis relevantes da escena galega actual, froito dunha carreira musical que comeza sendo moi nova.

En 1997 entra a formar parte de **Berrogüetto** como vocalista, pianista e gaitreira, e grava con eles tres discos. *Viaxe por Urticaria* (1999) e *Hepta* (2001) foron calorosamente recibidos pola crítica e merecedores de varios premios e recoñecementos (entre eles, o de Mellor Grupo Folk Europeo de 2000 e unha candidatura aos Grammy Latinos de 2002). En 2006 publican *10.0*, que acadou o 2º Premio Opinión ao Mellor Disco Galego do ano e foi candidato aos Premios da Música co seu tema "Xente".

Naquel momento, Guadi xa comezaba a experimentar con diversas sonoridades en formacións como o seu proxecto máis íntimo e persoal, **Espido** (con Guillermo Fernández) ou **Nordestin@s** (con Abe Rábade y Ugia Pedreira), ambas tamén galardoadas co Premio ao Mellor Disco Galego.

Finalmente, en 2009 sae á luz *Benzón*, álbum aclamado pola crítica galega e española co que inicia a súa carreira en solitario, sen deixar de participar noutros proxectos.

En 2012 únese aos músicos Xabier Díaz, Guillermo Fernández e Xosé Lois Romero para formar o grupo **aCadaCanto**. Con eles edita un disco homónimo, e outro en 2013 titulado *A rosa d'Adina*, no que musicaron versos de Rosalía de

Castro. Reciben ese ano o Premio Martín Códax da Música na categoría de Canción de Autor.

En 2014 publica o seu segundo traballo en solitario, *Lúas de outubro e agosto*, e en 2016 (ano no que acada o Premio Martín Códax da Música á Mellor Artista na categoría de Canción de Autor), sae o terceiro, *O mundo está parado*. Este disco viaxa do persoal á reflexión colectiva sobre cuestións como a identidade e a coherencia, elaborando unha sonoridade envolvente con matices pop que reaparecen no EP *Bóla de cristal* (2018). Para estes tres traballos, conta coa presenza na produción do xienense Pachi García.

En 2015 recibe o Premio da Crítica Galicia na categoría de Música.

En outubro de 2019 publica *Immersion*, un traballo no que reinterpreta temas dos seus tres discos anteriores cantados en sete linguas peninsulares: galego, catalá, castellano, asturianu, aranés, euskera e portugués. Neste traballo conta coas colaboracións de numerosos artistas: Alex Insua, Judit Neddermann, Clara Peya, Vega, Iván Ferreiro, Silvia Quesada, Alfredo González, Alidé Sans, Javier Otero, Lisandro Aristimuño, Germán Díaz, Mikel Urdangarín, Andrés Suárez, Ana Bacalhau, Abe Rábade, Sisters in the house e Xabier Díaz.

Por este traballo, foi galardoada co Premio á Promoción da Realidade Plurilingüe do Estado 2020.


Este ano volve recibir o Premio Martín Códax da Música á Mellor Artista en la categoría de Indie/Pop.

O 20 de novembro de 2020, sae ao mercado e as redes o seu 5º disco en solitario, *Costuras*. Ao igual que o anterior, Guadi traballa neste disco cos produtores cataláns Vic Moliner e Pau Brugada (Olivera Estudi).

(tirado de [guadigalego.eu](http://guadigalego.eu))

Guadi Galego xa ten sido finalista e segunda máis votada nas edicións de 2019 e 2020 do certame aRi[t]mar galiza e Portugal.

CLAÚDIA PASCOAL (Gondomar, PT, 1994)



Cláudia Rafaela Teixeira Pascoal, mais conhecida por Cláudia Pascoal, é uma cantora portuguesa, que nasceu em São Pedro da Cova, Gondomar no dia 12 de outubro de 1994. Começou a tocar guitarra quando tinha 15 anos. Nos últimos anos, despontou no meio musical e televisivo nacionais através de participações em concursos musicais. É mais conhecida por ter representado Portugal no concurso Eurovisão em 2018 e pelo seu cabelo de cor rosa.

#### **Concursos musicais**

Em 2010 participou no programa Ídolos. Também concorreu à primeira edição do Factor X Portugal mas sem grande impacto e no casting para apresentador

do programa Curto Circuito da SIC Radical onde ficou em 3º lugar. Em 2015 voltou a participar no programa Ídolos onde começou a dar nas vistas. Em 2017 foi concorrente no programa The Voice Portugal, embora sendo das principais favoritas a ganhar acabou a sua participação nas semifinais.

Em 2018, Cláudia Pascoal venceu o Festival RTP da Canção com o tema O Jardim da autoria de Isaura. Poucos dias depois, a música "O Jardim" alcança o lugar conquistado por poucos: o 1.º lugar do top do iTunes em Portugal. A 10 de março de 2018 o WiwiBloggs, um dos mais influentes sites dedicados à Eurovisão, coloca o tema "O Jardim", entre uma das favoritas à vitória: Num total de cerca de 29 mil votantes, a música portuguesa reuniu 2.083 preferências, ficando assim entre Itália (2.230 votos) e Ucrânia (1.953 votos). No entanto, a canção acabou por ficar em último lugar na fase final do concurso, embora tenha sido o último lugar mais pontuado de sempre na Eurovisão.

### **Morhua**

Em 2017, foi criada o projecto Morhua, uma banda portuguesa de jazz, composta por Cláudia Pascoal (voz e ukelele), Gabriel Gomes (bateria), João Sousa (baixo), André Soares (guitarra) e Rafael Santos (clarinete). Através das redes sociais, a banda anunciou que o projecto estava a chegar ao fim sendo que o último concerto foi no dia 14 julho de 2018, no Ourearte Music Fest.

### **Carreira a solo**

A 29 de março de 2019, Cláudia Pascoal publica o seu primeiro single "Ter e não ter", cuja composição musical foi feita pela própria cantora, a letra escrita por Miguel Lestre e a produção de som por Tiago Bettencourt. Esta música é a primeira canção revelada daquele que será o primeiro álbum a solo de Cláudia Pascoal. Em comunicado, a cantora afirma ter como desejo "fazer algo diferente" com este primeiro álbum: "Quero criar um ambiente novo, mas para todos. Este é o meu desejo". [7]

No dia 6 dezembro de 2019, é lançado o segundo single "Viver" do álbum , um dueto da cantora com Samuel Úria.

O terceiro single da cantora que se dá pelo nome de "Espalha Brasas" foi a lançado a 6 de março de 2020.

O seu primeiro álbum é ! (2020), ao que pertence a música ganhadora "Quase Dança"

(Tirado da Wikipedia)



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL